

relación de postos de traballo da Consellería de Sanidade, e por conseguinte faise necesario adecua-lo contido do actual concurso xeral de traslados en tramitación, excluíndo do anexo I da convocatoria, aquelas vacantes correspondentes a postos de traballo reservados ó persoal das escalas sanitarias creadas pola Lei 17/1989, do 23 de outubro.

Por todo isto, oída a Comisión de Persoal e en virtude das competencias conferidas no artigo 13.2.6 da Lei 4/1988, do 26 de maio, esta consellería dispón:

Artigo único.—Exclúense dos postos de traballo vacantes, ofertados no concurso 3/1991, os relacionados no seu anexo I, que se indican a seguir, correspondentes todos eles a postos reservados ó persoal das escalas sanitarias creadas pola Lei 17/1989, do 23 de outubro que se enumeraron do seguinte xeito: 1.377; 1.378; do 1.441 ó 1.470 (a.i.); 1.481; 1.484; 1.485; do 1.492 ó 1.495 (a.i.); do 1.497 ó 1.526 (a.i.); do 1.534 ó 1.537 (a.i.); do 1.539 ó 1.549 (a.i.); do 1.560 ó 1.567 (a.i.); do 1.574 ó 1.595 (a.i.); 1.604; do 1.606 ó 1.608 (a.i.); do 1.615 ó 1.624 (a.i.); do 1.626 ó 1.641 (a.i.); do 1.649 ó 1.656 (a.i.); do 1.658 ó 1.663 (a.i.); do 1.679 ó 1.710 (a.i.); 1.717; do 1.719 ó 1.721 (a.i.); do 1.727 ó 1.735 (a.i.); do 1.741 ó 1.761 (a.i.).

#### DISPOSICIÓNS DERRADEIRAS

Primeira.—Facúltase a Dirección Xeral da Función Pública para dicta-las instrucións necesarias para a execución do disposto na presente disposición.

Segunda.—A presente orde entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 1991.

Dositeo Rodríguez Rodríguez  
Conselleiro da Presidencia e Administración Pública

#### Universidade da Coruña

*Resolución do 17 de xuño de 1991 pola que se corríxen erros da resolución do 11 de abril de 1991 (BOE 24-05-1991) na que se convocaba concurso para a provisión de prazas de corpos docentes universitarios.*

Número de prazas: 1.

Praza número: 007/1991.

Corpo: Profesor titular de universidade.

Área de coñecemento a que corresponde: Matemática aplicada.

Departamento a que está adscrita: Matemáticas.

Actividades que realizará quen obteña a praza: Docencia en matemáticas.

Centro: E.T.S. Arquitectura da Coruña.

Clase de convocatoria: Concurso.

A Coruña, 17 de xuño de 1991.

José Luis Meilán Gil  
Rector da Universidade da Coruña

*Resolución do 30 de maio de 1991 pola que se fai pública a designación da comisión que resolverá o concurso para a provisión da praza n.º 044/90 de corpos docentes universitarios convocados por esta universidade.*

En cumprimento do disposto no artigo 6.8 do Real decreto 1.888/1984, do 26 de setembro, modificado polo Real decreto 1.427/1986, do 13 de xuño, e unha vez designado o presidente e o vocal secretario por esta universidade e celebrados os oportunos sorteos establecidos no artigo 6.6 do mencionado real decreto, mediante o que foron designados polo Consello de Universidades os vocais correspondentes,

Este rectorado fai pública a composición da comisión que terá que resolve-lo concurso para a provisión da praza de profesorado desta universidade núm. 044/90, convocada por resolución rectoral do 21-09-1990 (28-11-1990), comisión que se relaciona como anexo a esta resolución.

A citada comisión deberá constituírse nun prazo non superior a catro meses, contados desde a publicación da presente resolución no *Boletín Oficial del Estado*.

Contra esta resolución os interesados poderán presentar reclamación perante o rector da universidade no prazo de quince días hábiles a partir do seguinte á súa publicación.

A Coruña, 30 de maio de 1991.

José Luis Meilán Gil  
Rector da Universidade da Coruña

Praza de: Catedrático de escola universitaria.

Área de coñecemento: Didáctica da matemática.

Praza n.º: 044/90.

Comisión titular:

Presidente: Vera Boti, Gabriel - Catedrático de universidade. Universidade de Murcia.

Vocal Secretario: González - Carloman García, Antonio - Catedrático de esc. universitaria. Universidade de Oviedo.

Vocais: Alsina Cantala, Claudio - Catedrático de Universidade. Universidade Politécnica de Cataluña.

Fortuny Aymemi, José María - Catedrático de escola universitaria. Universidade Autónoma de Barcelona.

Gutiérrez Rodríguez, Ángel - Catedrático de escola universitaria. Universidade de Valencia.

Comisión Suplente:

Presidente: Cuartero Ruiz, Bienvenido - Catedrático de universidade. Universidade de Zaragoza.

Vocal Secretario: Díaz Godino, Juan - Catedrático de escola universitaria. Universidade de Granada.

Vocais: Burillo López, Pedro - Catedrático de universidade. Universidade Pública de Navarra.

Rubies Garrofe, María - Catedrático de escola universitaria. Universidade Autónoma de Barcelona.

Socas Robauna, Martín Manuel - Catedrático de escola universitaria. Universidade de La Laguna.

4.—Prazo de entrega: 11 meses.

5.—a) Solicitude da documentación: Tórculo Artes Gráficas, S.L. - Praza de Mazarelos, 14, baixo - Santiago de Compostela (15703) Tfno. (981) 588629.

b) Data límite de solicitudes: 13-9-1991.

c) Pagamento: O petionario terá que aboa-los gastos que ocasionen a reprodución e o envío dos documentos que se faciliten.

6.—a) Data límite de recepción de ofertas: 18-9-1991.

b) Dirección: Véxase o punto 1, - Rexistro Xeral da Xunta de Galicia.

c) Idiomas: Galego ou castelán.

7.—a) Persoas admitidas á apertura de proposicións: Acto público.

b) Data, hora e lugar: 24-9-1991 (12 horas), - sala de reunións da Consellería da Presidencia e Administración Pública, - Santiago de Compostela.

8.—Fianzas e garantías: Fianza provisional 5.000.000 de pesetas, igual ó 2% do presuposto fixado pola Administración (art. 340 do Regulamento xeral de contratación).

9.—Modalidades de financiamento e pagamento: Véxase a documentación do concurso.

10.—Forma xurídica da agrupación: No suposto de que resulte adxudicataria unha agrupación de empresarios, a súa forma xurídica axustarase ós requisitos previstos no artigo 10 da Lei de contratos do Estado, e nos artigos 26 e 27 do seu regulamento.

11.—Condicións mínimas: As sinaladas na cláusula IV do prego de cláusulas administrativas particulares.

A Administración reserva para si o dereito de indagar sobre a capacidade financeira, económica e técnica da empresa solicitante.

12.—Prazo de validez da oferta: 3 meses.

13.—Criterios de adxudicación: Exprésanse na cláusula V do mesmo prego.

14.—Información adicional: Non existe revisión de prezos.

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 1991.

Jesús Santiago Vázquez San Luis  
Secretario Xeral Técnico da Consellería da  
Presidencia e Administración Pública

## VI. ANUNCIOS

### a) DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

Consellería da Presidencia e Administración Pública

*Resolución do 30 de xullo de 1991, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería da Presidencia e Administración Pública, pola que se anuncia concurso público para a subministración do sistema de xestión de procedemento administrativo con destino ás consellerías e delegacións provinciais da Xunta de Galicia.*

1.—Data do envío deste anuncio á Oficina de Publicacións Oficiais das Comunidades Europeas: 30 de xullo de 1991.

2.—Procedemento e forma de adxudicación: Concurso público aberto.

3.—Obxecto do contrato e importe: Subministración de deseño, desenvolvemento e instalación dun sistema de xestión de procedementos administrativos e formación do persoal usuario, con un presuposto de 250.000.000 de pesetas, IVE incluído.